



## Concello de Vigo

### D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **28 de outubro de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

#### **5.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA. EXPTE. 15119/333.**

Dáse conta do informe-proposta do 27/10/16, da técnica de Admon. Xeral-secretaria da Mesa de Contratación:

*“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2<sup>a</sup> TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 28 de setembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan por non ter presentado correctamente a documentación persoal:*

1. NAROM, SL
2. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
3. ELSAMEX, SA
4. LIMONTA SPORT IBERICA, SL
5. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL
6. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU
7. PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL
8. CONSTRUCTORA EDISERPO, SL
9. OZIONA, SOLUCIONES DE ENTRENAMIENTO, SL
10. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA
11. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, SL

*Segundo.- Excluir á empresa REALTURF SYSTEMS, SL por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, de acordo co informe do xefe da Área de Investimentos do 28 de setembro de 2016, e non ter presentado documentación ningunha para a súa xustificación no prazo concedido.*

*Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:*

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	MONDO IBERICA, S A	<b>80,00</b>
2	MECANO SPORT, S L	<b>77,02</b>



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 04/11/2016 15:02 Páxina 1 de 2

Expediente 15119/333

Código de verificación: 2BEA4-AAA5E-8EC3D-CA225

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



## Concello de Vigo

3	GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S L	57,53
4	NATURF DEVELOP, SL	57,27
5	SPORT EQUIPALIA, S L	31,78

Cuarto.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBERICA, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.*
5. *Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B das FEC do PCAP ("cando a oferta adxudicada, se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración").*

Quinto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 808,82 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/rs.

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.

